

RECOMENDACIÓN LECTURA PARA A IGUALDADE



Por Marcos García (3º ESO)

Naceu un neno e puxéronlle Nito porque era moi bonito. Pero era moi chorón, choraba por todo.

Un día xa estaban todos cansos de que chorara sen parar e o pai díxolle que os homes non choran e Nito deixou de chorar porque pasou a tragar as bágoas pero tamén deixou de correr e de xogar.

Pasou un mes e Nito non se puido levantar da cama. Os pais estaban preocupados e chamaron ao médico.

O médico preguntoulle a Nito o que lle pasaba e Nito contoulle todo. O médico díxolle que tiña que chorar todo o que tiña dentro. Nito empezou a chorar e encheu 4 bacías e 2 baldes. E despois de chorar púxose ben e o pai díxolle que chorara o que fixera falta pero que sen motivo non chorara.